

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO PARA A
SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AXENTES DE POLICÍA LOCAL COMO
FUNCIONARIOS DE CARREIRA INCLUIDAS NA OPE DO CONCELLO DE
MUROS DE 2024**

Por Resolución da Alcaldía nº 1108/2025, de data 2 de decembro, acordouse aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo referido no encabezamento, así como designar aos membros do tribunal de selección e convocar ás persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio.

En execución do disposto na antedita Resolución, sendo as 12 horas do día 15 de decembro de 2025 constitúese na Casa do Concello de Muros o Tribunal do proceso selectivo, comparecendo a tal efecto os seguintes membros do mesmo, designados como titulares:

Presidente: D. Pedro José Cancela González, Oficial de Policía do Concello de Carballo.

Secretario: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela, Profesor Titular de Dereito Administrativo da USC

Vogais:

Dña. María Remedios Lamela Lema, Funcionaria do Concello de Muros.

D. José Luís Caamaño Domínguez, Oficial de Policía do Concello de Carballo.

Dña. Manuela Sampredo Martínez, Policía Local do Concello de Ribeira.

Iniciada a sesión, polo Sr. Presidente do Tribunal e á vista da listaxe de persoas admitidas definitivamente no proceso selectivo pergúntaselle aos demais membros do mesmo se concorre a respecto de calquera deles causa de abstención das legalmente previstas, negándose por todos os membros do tribunal presentes dita concorrencia.

A continuación, os membros do Tribunal, que previamente á constitución do mesmo acordaran a achega individual de 25 preguntas cada un para a confección do test do

primeiro exercicio, poñen en común ditas achegas e proceden a confeccionar o exame. A impresión do mesmo nas súas versións castelá e galega executouse directamente polos membros do Tribunal, quenes asimesmo custodiaron os exames ate a celebración da proba.

Finalizada a confección e fotocopia dos test de exames e das correspondentes planillas para as respostas, e unha vez verificada a validez e pertinencia das claves previamente preparadas polo Secretario do Tribunal para a anonimización do primeiro exercicio, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión constitutiva do Tribunal sendo as 14,55 horas do día da data referida no encabezamento.

O secretario do Tribunal,

Visto e prace, o Presidente do Tribunal,

Asdo.: Fernando Adolfo de Abel Vilela

Asdo.: Pedro José Cancela González